



PROFESORADO SUBSTITUTO

COBRO DO VERÁN

O STEG reclama que, unha vez pasados os dous anos de suspenso, se aplique a normativa.

Na Orde do 28 de xuño de 2011 (DOG do 29/06/12) a Consellaría de C e EU, escudándose na situación económica, tomou unha medida extraordinaria e urxente, consistente en que o persoal substituto docente que prestase polo menos cinco meses e medio de servizos no curso académico 2011-2012 ou 2012-2013 non terían dereito a que se realizase un nomeamento polo mes de xullo e polos días de agosto que procedesen, unha vez deducidos os aboados por vacacións non gozadas.

No texto falábase de “suspender durante dous anos a aplicación” do punto que regulaba o parágrafo anterior.

Pois ben, o STEG dirixiuse á Consellaría para que corroborase que se cobraría o disposto no punto 18º da resolución do 31 de xullo de 2013 o vindeiro verán, posto que xa pasaron os dous anos de suspenso, ao que se lle respostou, de palabra, que non ían pagar o que, como dereito, correspóndelle ao profesorado substituto.

Falan de recuperación pero seguimos cos recortes e, unha vez máis, coa parte máis feble do profesorado, ao que non se lle para de pedir que siga facendo esforzos para axudar a saír da crise. Algún día sairemos; o problema será onde estaremos nese momento?

O STEG vai solicitar á dirección xeral de centros e recursos humanos que se aplique a normativa unha vez pasados os dous anos de suspenso.

Secretariado Nacional do STEG
Xaneiro de 2014